

FONDO SOLIDARIO de libros de Texto **AXUDAS para LIBROS DE TEXTO / AXUDAS para MATERIAL ESCOLAR**

Pola **Orde do 3 de maio de 2019 (DOG 20/05/2019)** convócanse para o **curso 2019/20** as seguintes axudas:

- 1. FONDO SOLIDARIO de libros de texto para TODO O ALUMNADO** matriculado en **3º/4º de EP e 3º/4º de ESO**. *(En 5º/6º EP e 1º/2º ESO non participan por estar no programa EDIXGAL-libro dixital)*
- 2. AXUDAS para adquirir libros de texto** para alumnado matriculado **1º/2º de EP**.
- 3. AXUDAS para adquirir material escolar** destinadas a todo o alumnado matriculado en **EP e ESO**.

SOLICITANTES

- Pais, nais, titores legais do alumnado incluído nos apartados anteriores.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

- a) **Do 21 de maio ata o 21 de xuño de 2019**, ambos incluídos.
- b) Alumnado de **4º ESO que repita curso no 2019/20** terá un (1) mes desde a formalización da matrícula.

DOCUMENTACIÓN

- As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.es/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
- Para a presentación de solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
- Este formulario (anexo I) tamén estará dispoñible:
 - a) No portal educativo, enderezo <http://www.edu.xunta.gal>
 - b) Nas dependencias das xefaturas territoriais da consellería de educación.
 - c) Na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- A solicitude deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado, e a súa presentación implicará que acepta as bases da convocatoria, cumpre os requisitos exixidos nela e que son certos os datos indicados na solicitude.

OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

1. Devolver os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas para libros de texto ou recibido do fondo solidario no curso 2018/19.
2. Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable recibido do fondo solidario ou adquirido coas axudas para libros de texto no curso escolar 2019/20 e devolvelos ao rematar este, en xuño ou setembro de 2020, segundo o caso.
3. Destinar o importe do vale para libros a adquirir os libros de texto que indique o centro en que estea matriculado o alumnado.
4. Destinar o importe do vale para material a adquirir o material escolar que necesite.

MÁIS INFORMACIÓN ...

- ❖ Páxina web do centro: <http://www.edu.xunta.es/centros/cpidevedra/>.
- ❖ Portal educativo da Consellería de Educación: <http://www.edu.xunta.gal/portal/fondolibros>.
- ❖ Directamente na Secretaría do CPI Plurilingüe de Vedra.

NOTAS IMPORTANTES:

- 1. Recomendamos que todos soliciten o FONDO SOLIDARIO pois repártense todos os libros existentes ata esgotar as existencias.**
- 2. Os resto das AXUDAS dependerán da renda segundo o cadro que figura na solicitude.**
- 3. Lembren que o prazo acaba o 21 de xuño de 2019.**